

Gonzalo Adrio

In memoriam

12 de novembro de 2018



Foto G. García. Diario de Pontevedra



▶ **JOSÉ ADRIO BARREIRO**

Avogado, foi asasinado con 26 anos. Dirixente de Unión Republicana, fora gobernador civil de Ourense e presidente da Deputación de Pontevedra.

GERMÁN ADRIO MAÑÁ ◀

Mestre de 48 anos de idade nacido en Vilagarcía. Era socialista, e estaba afiliado á UXT. Foi propietario e director do colexio “X”, e concelleiro en Pontevedra durante a ditadura de Primo de Rivera.



▶ **TELMO BERNÁRDEZ SANTOMÉ**

Médico de Redondela. Era masón e tras o seu paso polo agrarismo, militou en Izquierda Republicana, da que foi xefe provincial.

AMANCIO CAAMAÑO CIMADEVILA ◀

Cirurxián, era masón e deputado en 1933 pola ORGA. Tras a súa desaparición integrouse en Izquierda Republicana pero abandonouna en xaneiro de 1936 cando se integrou na Fronte Popular. Foi presidente da Deputación de Pontevedra.



▶ **VÍCTOR CASAS REY**

Pertencía ao Partido Galeguista. Xornalista de profesión, foi director de A Nosa Terra, que se imprimía na imprenta La Popular que outro dos fusilados, Ramiro Paz, tiña na rúa Charino.

PAULO NOVÁS SOUTO ◀

Mestre. Era o secretario provincial de Izquierda Republicana e persoa moi próxima a Bibiano Fernández Osorio-Tafall, subsecretario de Gobernación en xullo do 36.




▶ **RAMIRO PAZ CARBAJAL**

Impresor de profesión, fora presidente da agrupación socialista e concelleiro. En xullo do 36 exercía como delegado técnico administrativo no Gran Hospital de Pontevedra. Dirixiu os semanais Acción Obreira, Nueva Aurora e La Hora.

LUIS POZA PASTRANA ◀

Militaba no partido Galeguista. Médico de profesión, estaba especializado en Xinecoloxía. Era irmán de Aurora Poza, a muller de José Adrio.



▶ **BENIGNO REY PAVÓN**

Mestre de profesión e gran deportista, foi acusado de participar en reunións clandestinas con elementos masónicos, espiritistas e políticos de extrema esquerda. Tamén se lle relacionou cos sucesos de outubro do 34.

JUAN RICO GONZÁLEZ ◀

Nacera en Ferrol e era o Capitán da Garda de Asalto. Cando se produce o golpe estaba en Vigo, de servizo. Incorporouse ao seu posto na tarde do 19 de xullo e púxose á fronte dos gardas, ás ordes do seu xefe, o Gobernador Civil de Pontevedra. Logo de renderse este, uniuse ao exército e participou na toma do Concello.





Gonzalo Adrio Barreiro (1919-2018)

In memoriam, 12 de novembro de 2018

Estudaba bacharelato cando o seu irmán, José Adrio Barreiro, foi asasinado xunto ao mestre Germán Adrio Mañá, o seu tío paterno. A partir dese momento, para Gonzalo Adrio foi prioridade na vida reivindicar a memoria daquel 12 de novembro de 1936, e con ela a de todas as vítimas do franquismo e as súas familias, incluída a da súa muller, Aurora Taracido, que tivo ao seu pai preso.

Fíxoo con tanta firmeza como serenidade. “Tal e como aconteceron as cousas, é para vivir con odio e con rancor. Hai que evitar iso para poder seguir adiante”, declaroulle á xornalista Belén López no oitenta cabodano do asasinato que cubriu de loito, coa súa, a outras nove familias pontevedresas. O seu traballo infatigábel foi esencial para avanzar no verdadeiro relato do acontecido e para que esa data terríbel se convertese no símbolo da memoria resistente de Pontevedra.

Pero Gonzalo Adrio fixo algo máis que lembrar. Como o seu irmán asasinado converteuse en avogado e, chegada a democracia, usou os seus coñecementos de Dereito para tramitar axudas ás familias das vítimas. En 1978 xestionou moreas de reclamacións para que as familias das persoas asasinadas cobrasen unha pensión mensual de 7.413 pesetas, e xa en 1990, para conseguir unha indemnización de un millón de pesetas para quen permanecera en cárceres franquistas durante máis de tres anos.

As familias lembran que nunca lles pediu un peso polo seu traballo. Só pregou que lle desen, en caso de existir, unha fotografía das vítimas que garantise o seu obxectivo: manter a memoria acesa.

Gonzalo Adrio non só lembrou a Pontevedra arrebatada, senón que loitou por construír a

sociedade que aquela imaxinara. Concelleiro socialista en 1987, foi un home íntegro de ideais “democráticos, socialistas e republicanos” tal e como dixo no seu pasamento José Luís Adrio, o fillo póstumo do seu irmán asasinado. Nunca renunciou a eles. “Por que seguimos tan calados cando aumenta a opresión, a tiranía, cando son moitos máis os esquecidos mentres que só uns poucos gozan da vida?” lía o 12 de novembro de 2012 durante a homenaxe no monumento ás dez vítimas desa xornada e, por extensión, a todas as da cidade e o país. “É unha data clave, pero para lembrar que hai moitas máis”, dicía.

A súa cidade recoñeceu a súa tarefa infatigábel e desinteresada coa entrega no 2003 do Premio Cidade de Pontevedra e tamén recibiu no 2011 a Medalla de Ouro no Traballo, outorgada polo goberno estatal.

O seu nome quedará eternamente ligado ao 12 de novembro e a súa loita será para sempre exemplo da memoria resistente de Pontevedra.

Grazas ás xestións de Gonzalo Adrio, Carmen Casalderrey Dios puido cobrar a pensión de viuvez cando xa pasaran máis de catro décadas desde que lle mataran o home. Coa primeira mensualidade comprou o anel que non puidera ter na voda con Albino Sánchez Leiro, celebrada apenas uns minutos antes de que el fora fusilado na Avenida de Bos Aires. Quería simbolizar así a eternidade do seu compromiso.

Eterno foi tamén o compromiso de Chalo Adrio coa memoria das vítimas, cos ideais que compartía con elas, e coa súa Pontevedra.

